

O Tribunal propondrá, ó Sr. Alcalde, o aspirante que obteña a maior puntuación.

SÉTIMA: PRAZOS.

Se os días de finalización dalgún prazo ou actuación obrigada destas bases fosen festivo ou sábado, pasarase ó seguinte hábil.

O Porriño, a 1 de decembro de 2000.—O Alcalde, José Manuel Barros González. 9522



MANCOMUNIDADE DO SALNES

E D I T O

Quedando definitivamente aprobado o Presupuesto da Mancomunidade do Salnés, para o exercicio económico de 2000, en virtude do disposto no acordo de aprobación inicial, e dando cumprimento ó establecido polo artigo 150.3 da Lei 39/88, de 28 de decembro, faise público, que dito Presupuesto ascende, tanto en gastos como en ingresos, á cantidade de cento catro millóns setecentas trinta e sete mil novecentas sesenta e cinco pesetas (104.737.965 Ptas.), distribuídos, por capítulos, de acordo co seguinte resume:

ESTADO DE GASTOS

Cap.	Denominación	Pesetas
A) Operacións correntes		
1	Gastos de persoal.....	14.514.965
2	Gastos bens corr. e ser.	71.473.000
3	Gastos financeiros	4.500.000
4	Transferencia correntes.....	8.750.000
B) Operacións de capital		
9	Pasivos financeiros	5.500.000
	TOTAL GASTOS	104.737.965

ESTADO DE INGRESOS

Cap.	Denominación	Pesetas
A) Operacións correntes		
3	Taxas e outros ingresos	20.000
4	Transferencias correntes	104.617.965
5	Ingresos patrimoniais	100.000
	TOTAL INGRESOS.....	104.737.965

Cambados, a 1 de decembro de 2000.—O Presidente, José M. Cores Tourís. 9480

CONSORCIO PARA O SERVICIO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA COMARCA DO SALNES

E D I T O

Aprobado inicialmente polo Pleno do Consorcio para o Servicio contra Incendios e Salvamento do Salnés, na sesión extraordinaria do día 4 de decembro de 2000, o presuposto para o exercicio económico de 2000, en cumprimento do disposto no artigo 150.1 da Lei 39/88, do 28 de decembro e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría do Concello de Ribadumia (sede do Consorcio), por prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación do presente edito no Boletín Oficial da provincia, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas.

Ribadumia, a 4 de decembro de 2000.—O Presidente, Emilio Rodríguez Galiñanes. 9492



MANCOMUNIDADE DO MORRAZO

De conformidade co art. 70.2 da Lei de Bases de Réxime Local, publícase:

REGULAMENTO DO CONSELLO ECONOMICO E SOCIAL DA MANCOMUNIDADE DO MORRAZO

PREAMBULO

Os artigos 9.2 e 23 da Constitución Española imponen ós poderes públicos a obriga de “facilita-la participación de tódolos cidadáns na vida pública, económica, cultural” e asemade reconece “o dereito de tódolos cidadáns a participar nos asuntos públicos”.

O artigo 6 da Lei 5/1997 do 22 de xullo da Administración Local de Galicia, no seu apartado 1, establece que corresponderá ás entidades locais territoriais de Galicia, no ámbito das súas competencias e nos termos establecidos pola lexislación de réxime local, a potestade regulamentaria e de autoorganización, e en aras desa potestade de autoorganización, o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais —artigos 130 e 135— autoriza a creación, composición, organización e ámbito de actuación dos Consellos Sectoriais.

Pois ben, un dos Consellos Sectoriais son os Consellos económico-sociais como órganos colexiados de carácter consultivo dos gobernos locais, que facilitan a participación dos axentes económicos e sociais na toma de decisións de carácter económico-social e laboral.

Por iso, en beneficio dos intereses dos cidadáns do Morrazo, e respondendo á aspiración dos axentes económicos e sociais de que as súas opinións e propostas se atendan, no proceso de adopción de decisións da Xunta da Mancomunidade, e a pretensión desta de canaliza-la participación social considérase oportuno crear o Consello Económico e Social da Mancomunidade do Morrazo.

Tratase de establecer un foro permanente de diálogo e deliberación entre os axentes económicos e o goberno da Mancomunidade a fin de que as súas opinións e propostas poidan ser escoitadas.

A participación a través do Consello Económico e Social materialízase fundamentalmente na emisión de informes e dictames con carácter preceptivo ou facultativo, segundo os casos.

A xunta da Mancomunidade acordou con data 11 de outubro de 2000, a aprobación provisional do presente Regulamento do Consello Económico e Social do Morrazo, sometendoo a trámite de información pública por un período de 30 días hábiles e, así mesmo, a súa aprobación definitiva no suposto de que no prazo indicado non se realizara alegación, emitindo o Secretario da Mancomunidade certificado de non alegacións con data 24 de novembro de 2000.

TITULO I DISPOSICIONS XERAIS

ARTIGO 1.—CREACION E DENOMINACION

Créase o Consello Económico e Social como órgano colexiado de carácter consultivo da Mancomunidade do Morrazo, coa finalidade, natureza, funcións, composición e estrutura que se establecen no presente acordo, baixo a denominación de “Consello Económico e Social da Mancomunidade do Morrazo”.

ARTIGO 2.—FINALIDADE

O Consello Económico e Social configúrase como un instrumento básico de participación e diálogo dos axentes económicos e sociais para asesorar e transmitir opinións á Administración Local, Autonómica e Central en materia de relacións laborais, sociais e de desenvolvemento económico.

ARTIGO 3.—FUNCIONS

Ser informado sobre os criterios e liñas xerais do anteproxecto do Orzamento da Mancomunidade.

Servir de canle de participación e diálogo dos interlocutores sociais no debate de asuntos socio-laborais, co fin de obter acordos tendentes á busca de solucións á problemática económico-laboral existente no ámbito territorial da Mancomunidade do Morrazo.

Emitir dictámenes con carácter preceptivo e non vinculante nos plans, resolucións ou acordos que regulen ou disciplinen materias socioeconómicas e que emanen directamente dos órganos de goberno da Mancomunidade.

Avaliar anualmente a situación económica e social da Comarca do Morrazo.

Facer propostas para incentivar o desenvolvemento económico da Comarca do Morrazo.

TITULO II COMPOSICION

ARTIGO 4.—COMPOSICION

O Consello Económico e Social terá a seguinte composición:

O Presidente, que será o da Mancomunidade ou Concelleiro en quen delegue.

Dous representantes designados polas Asociacións Empresariais existentes na Comarca do Morrazo.

Un/ha representante da Cámara Provincial de Comercio.

O Delegado Provincial da Consellería da Xunta de Galicia que teña atribuídas as competencias en materia de relacións laborais, ou funcionario en quen delegue.

Os alcaldes dos concellos que forman parte da Mancomunidade e que non ostenten a presidencia da Mancomunidade.

Un/ha representante da cada grupo político con representación en cada unha das Corporacións Municipais que integran a Mancomunidade.

Un membro designado por cada unha das Entidades e Organizacións profesionais máis representativas no sector do mar.

Un representante das Organizacións Sindicais máis representativas a nivel estatal.

Un representante das Organizacións Sindicais que, sin ser máis representativas a nivel estatal, o sexan a nivel autonómico.

Un representante das Organizacións Sindicais que, sin ser máis representativas a nivel estatal ou autonómico, teñan un 10% ou máis dos representantes nos Comités de Empresa, de tódolos sectores, nos municipios que integran a Mancomunidade.

O Secretario Xeral, será o da Mancomunidade ou funcionario en quen delegue.

ARTIGO 5.—DESIGNACION E DURACION DO MANDATO

Os membros do Consello, agás o Presidente, os representantes dos grupos políticos e o Secretario Xeral, serán designados e nomeados para un mandato de catro anos, renovable por períodos de igual duración se non se substituen expresamente.

Os representantes dos grupos políticos cambiaránse coa nova composición das Corporacións Locais elixidas nas eleccións municipais.

Os membros do Consello serán designados, dentro do mes seguinte á entrada en vigor deste regulamento, polos órganos competentes das diversas asociacións, entidades, organismos e organizacións que forman parte do Consello, e poderán ser substituídos polas organizacións e entidades que os designasen e os novos nomeados permanecerán no seu cargo, como máximo, polo tempo que lle reste ó substituído para o cumprimento do seu mandato.

Sen embargo, os membros do Consello, continuarán no exercicio das súas funcións ata a toma de posesión dos novos membros.

ARTIGO 6.—CESAMENTO

Os membros do Consello cesarán ou perderán a citada condición por algunha das seguintes causas:

Cumprimento do mandato para o que foi elixido.

Renuncia expresa ante o Presidente do Consello.

Declaración de incapacidade ou inhabilitación para o desempeño de cargo público, por sentenza xudicial firme.

Proposta das entidades e asociacións que promovesen a súa designación.

TITULO III FUNCIONAMENTO

ARTIGO 7.—ORGANOS DO CONSELLO ECONOMICO E SOCIAL

O Consello Económico e Social da Mancomunidade do Morrazo para o exercicio das súas funcións actuará a través dos seguintes órganos:

Pleno

Presidente

Secretario Xeral

ARTIGO 8.—O PLENO

O Pleno estará integrado pola totalidade dos membros mencionados no artigo 4, baixo a dirección do Presidente e asistido polo Secretario Xeral e é órgano supremo de decisión e formación da vontade do Consello.

O voto dos membros do Pleno será personal e non delegable; recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares, que deberán unirse á resolución correspondente.

O Pleno reunirse en sesión ordinaria, cando menos, unha vez ó ano. Así mesmo poderá reunirse con carácter extraordinario por iniciativa do Presidente ou dun tercio dos seus membros. As citadas sesións poderán asistir especialistas ou técnicos

cando se considere necesario, os cales participarán con voz pero sen voto.

Para a válida constitución do Pleno será necesaria a maioría absoluta dos seus membros, en primeira convocatoria, e a asistencia de alomenos un tercio dos seus membros en segunda convocatoria. En todo caso, será necesaria a asistencia sempre do Presidente e do Secretario Xeral, ou de quen legalmente os substitúan.

Os acordos adoptaranse por maioría simple dos/as membros asistentes á sesión. En caso de empate, decidirá a votación o voto de calidade do Presidente.

ARTIGO 9.—O PRESIDENTE

O Presidente será o Presidente da Mancomunidade do Morrazo ou Concelleiro en quen delegue.

Son funcións do Presidente:

Dirixi-las actuacións do Consello e ostenta-la representación do mesmo.

Convoca-las sesións do Consello, presidilas e moderar o desenvolvemento dos debates.

Elabora-la orde do día das sesións do Consello.

Ordena-la publicación dos acordos do Consello e dispoñe-lo cumprimento dos mesmos.

ARTIGO 10.—O SECRETARIO XERAL

O Secretario Xeral será o da Mancomunidade ou funcionario en quen delegue.

Son funcións do Secretario Xeral:

Asistir, con voz pero sen voto, ás sesións do Consello.

Custodiar a documentación do Consello.

Expedir certificacións das actas, acordos e outros documentos confiados á súa custodia, co Visto e Prace do Presidente.

Estender as actas das sesións, autorizalas coa súa firma e Visto e Prace do Presidente, e darlle curso ós acordos que se adopten.

Cantas outras lle sexan atribuídas polo Pleno do Consello ou sexan inherentes á súa condición de Secretario.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

Primeira.—O Pleno do Consello poderá crear mesas sectoriais para debater problemas específicos de sectores estratéxicos e definir así unha determinada liña de actuación.

Segunda.—A Sede do Consello Económico e Social do Morrazo estará localizada no Concello onde radique a Presidencia da Mancomunidade do Morrazo.

DISPOSICION FINAL

Primeira.—O presente Regulamento entrará en vigor a partir dos quince días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Segunda.—En todo o non previsto no presente Regulamento estarase ó Réxime Xurídico establecido para os órganos colexiados nos artigos 22 a 27 da Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cangas, 29 de novembro de 2000.—O Presidente,
José Enrique Sotelo Villar. 9463

Juzgados de Primera Instancia e Instrucción

E D I C T O

Don Luis-Angel Fernández Barrio, Magistrado-Juez de Primera Instancia número 2 de Vigo.

Hago saber: Que en dicho Juzgado y con el número 309/1999, se tramita procedimiento de juicio ejecutivo, a instancia de Transportes Pablo Val, S.L., contra José García Comesaña, en el que por resolución de esta fecha, se ha acordado sacar a pública subasta por primera vez y término de veinte días, los bienes que luego se dirán, señalándose para que el acto del remate tenga lugar en la sala de audiencia de este Juzgado, el día 7 de febrero del 2001, a las 12,00 horas, con las prevenciones siguientes:

Primero.—Que no se admitirán posturas que no cubran las dos terceras partes del avalúo.

Segundo.—Que los licitadores, para tomar parte en la subasta, deberán consignar previamente en la cuenta de este Juzgado en el Banco Bilbao Vizcaya, Avda. Florida, nº 36150000170309/99, una cantidad igual, por lo menos, al veinte por ciento del valor de los bienes que sirva de tipo, haciéndose constar el número y año del procedimiento, sin cuyo requisito no serán admitidos, no aceptándose entrega de dinero en metálico o cheques.

Tercero.—Únicamente el ejecutante podrá concurrir con la calidad de ceder el remate a terceros.

Cuarto.—En todas las subastas, desde el anuncio hasta su celebración, podrán hacerse posturas por escrito en pliego cerrado, haciendo el depósito a que se ha hecho referencia anteriormente.

Para el supuesto de que no hubiese postores en la primera subasta, se señala para la celebración de una segunda, el día siete de marzo del 2001, a las 12,00, sirviendo de tipo el 75% del señalado para la primera subasta, siendo de aplicación las demás prevenciones de la primera.

Igualmente y para el caso de que tampoco hubiere licitadores en la segunda subasta, se señala para la celebración de una tercera, el día seis de abril del 2001, a las 12,00 horas, cuya subasta se celebrará sin sujeción a tipo, debiendo consignar quien desee tomar parte en la misma, el 20% del tipo que sirvió de base para la segunda.

Si por fuerza mayor, o causas ajenas al Juzgado no pudiera celebrarse la subasta en el día y hora señalados, se entenderá que se celebrará el siguiente día hábil, a la misma hora, exceptuando los sábados.

Bienes que se sacan a subasta y su valor

Vehículo, turismo, marca Ford, modelo Escort 1.8 TD, matrícula PO-6935-AZ.

Valorado a efectos de subasta en 775.000 pesetas (setecientos setenta y cinco mil pesetas).

Dado en Vigo, a veinte de noviembre de dos mil.—El Magistrado-Juez, Luis-Angel Fernández Barrio.—El Secretario, ilegible. 9326

* * *

E D I C T O

Doña Mercedes Cosmén del Riego, Magistrado-Juez de Primera Instancia número uno de los de Vigo.

Hace público: Que en este Juzgado y con el número 497/1995, se tramita procedimiento de menor cuantía a instancia de María Rúa Piñeiro, contra Estanislao Refojos Iglesias, Jesús Barreiro Refojo, Pesquera Refojos, S.L. Por providencia de esta fecha se acordó sacar a pública subasta, por término de veinte días, en las fechas que se indicarán, los bienes embargados.

Primera subasta: Tendrá lugar en la Sala de Audiencias de este Juzgado el próximo día 25 de enero, a las 10,30 horas.

Segunda subasta: Se celebrará en el mismo lugar, caso de resultar desierta la primera, el próximo día 22 de febrero, a las 10,30 horas.

Tercera subasta: De resultar desierta la segunda, se celebrará la tercera, sin sujeción a tipo, el próximo día 22 de marzo, a las 10,30 horas.

Las condiciones de las subastas serán las siguientes:

Primera.—Para tomar parte en las mismas deberán los licitadores consignar previamente en la cuenta de Consignaciones de este Juzgado, BBV-1-6621 Vigo, número 3614-0000-15-497-95, una cantidad igual, por lo menos, al 25% efectivo del que sirve de tipo para la subasta, sin cuyo requisito no serán admitidos, pudiendo hacerse posturas, por escrito en pliego cerrado, acompañando el resguardo de haberlo hecho en el citado establecimiento. En cuanto a la tercera subasta, el depósito será el 25% del tipo de la segunda.